

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 26.11.2019 Hora: 10:30



A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 26 de novembro de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 54139 (10/POC-008552)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre as medidas e os programas que está a desenvolver a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que as bibliotecas escolares galegas sexan centros dinámicos de aprendizaxe
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 55125 (10/POC-008687)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demora existente no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas, de Cambados, a posibilidade de garantir a Xunta de Galicia o normal inicio do curso escolar, e as actuacións previstas para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.3 55960 (10/POC-008805)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre os datos referidos á execución do convenio de colaboración asinado pola Axencia de Turismo de Galicia coa Catedral de Santiago de Compostela para a edición dun libro compilatorio sobre a Domus Iacobi
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 1.4 57253 (10/POC-008982)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa igualdade e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

- 1.5 57398 (10/POC-008999)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación a unha empresa do servizo de catering dos comedores escolares dos IES Julio Prieto Nespereira, de Ourense, e Ferro Couselo, de San Mamede, Maceda, a realización dalgunha avaliación ao respecto e as supostas deficiencias existentes na prestación do servizo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

- 1.6 57944 (10/POC-009106)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a posible autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio das obras previstas no castro de Toiriz, no concello de Silleda, así como a opinión do Goberno galego respecto dos criterios xerais desta intervención e os seguidos para a súa tramitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 58254 (10/PNC-004655)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a execución pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das actuacións necesarias para corrixir as deficiencias existentes nos edificios do IES Manuel Murguía de Arteixo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019
- 2.2 57728 (10/PNC-004599)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia das festas parroquiais galegas como patrimonio inmaterial de Galicia, na categoría de ben de interese cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 19/11/2019 14:22:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2019 15:00:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/11/2019 15:00:35
Nº Rexistro: 17867
Data envío: 19/11/2019 15:00:35.807

CSV: REXISTROLcq1qFNUW9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 54139(10/POC-008552)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre as medidas e os programas que está a desenvolver a
Consellería de Educación, Universidade e Formación

Profesional para que as bibliotecas escolares galegas sexan
centros dinámicos de aprendizaxe

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019

Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Sandra Vázquez Domínguez, Maribel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e Antonio Mouriño Villar deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

A Federación de Librarías de Galicia (FLG), a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Asociación Galega de Editores (AGE) organizan cada ano os Premios Gala do Libro Galego. A través destes premios, o sector do libro en Galicia, pretende recoñecer, impulsar e divulgar a excelencia do traballo realizado no ámbito editorial galego.

Na gala celebrada en maio de 2019, dentro dos Premios ás Traxectorias no apartado “Iniciativa cultural ou fomento da lectura” concedéuselle o premio á Asesoría de Bibliotecas Escolares. Segundo o xurado este premio “recoñece o papel fundamental na organización das bibliotecas, promoción do libro e fomento da lectura en lingua galega, valorando tamén moi positivamente o papel do profesorado que forma os equipos de bibliotecas do centro e coordina os clubs de lectura”.

Este recoñecemento supón un respaldo á aposta firme e decidida da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional por facer das bibliotecas escolares centros neuráxicos da aprendizaxe desde unha visión pedagóxica innovadora.

Esta aposta non é nova, senón a expresión dun mandato que xa figuraba no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo o respaldo maioritario da sociedade galega no ano 2016. Un programa no que se comprometía o seguinte: “*Mantemos o noso compromiso de incrementar a mellora da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, pola súa función como recurso ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, imprescindibles para a adquisición das competencias básicas do alumnado e contribuír á súa multialfabetización a partir do manexo e comprensión de información impresa e dixital. Queremos apostar pola renovación dunhas bibliotecas escolares inclusivas, formadoras, modernas e tecnolóxicas; que atendan ao alumnado pero tamén ao profesorado e ás familias; que aposten por redes de colaboración entre centros e por máis e mellores experiencias lectoras e de aprendizaxe por proxectos e metodoloxías activas.*”

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:37:08
Nº Rexistro: 54139
Data envío: 26/08/2019 12:37:08.651**

Esta concepción das bibliotecas como espazos abertos á comunidade educativa outórgalles un carácter vivo e dinámico, de relación social en torno á lectura pero tamén á investigación, á procura de información e formación sobre diferentes materias que configuran o curriculum educativo.

Para que unha biblioteca escolar desenvolva este papel con solvencia e eficacia, o compromiso do centro, do seu equipo directivo e a comunidade educativa é vital, pero debe ter o apoio necesario por parte da administración pública competente na materia para que o seu esforzo sexa rendible.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que medidas e programas está a desenvolver a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que as bibliotecas escolares galegas sexan centros dinámicos de aprendizaxe?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Antón Vilasánchez na data 26/08/2019 12:32:53

Teresa Egerique Mosquera na data 26/08/2019 12:33:08

Carlos Gómez Salgado na data 26/08/2019 12:35:02

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2019 12:35:19

María Isabel Novo Fariña na data 26/08/2019 12:35:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2019 12:35:41

Antonio Mouriño Villar na data 26/08/2019 12:36:00



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 55125(10/POC-008687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demora existente no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas, de Cambados, a posibilidade de garantir a Xunta de Galicia o normal inicio do curso escolar, e as actuacións previstas para ese fin

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 11:26:55
Nº Rexistro: 55125
Data envío: 05/09/2019 11:26:55.122

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á demora no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas en Cambados.

Vemos de coñecer a través dos medios de comunicación a denuncia da situación no IES Ramón Cabanillas no concello de Cambados. @s profesionais que traballan neste centro de ensino, ao incorporarse o pasado luns 2 de setembro ao traballo, despois do período vacacional atopáronse coa sorpresa de que as obras que se tiñan que ter realizado no centro apenas están encetadas, e que a case totalidade do patio está ocupada por material da obra e diversas dependencias están inhabilitadas para poder traballar. Ademais todas as estancias interiores do centro están cubertas de unha importante capa de po.

As obras de mellora levan sendo demandadas desde hai anos pola comunidade educativa, mais non foi até o pasado mes de maio, curiosamente en plena campaña das eleccións municipais e europeas, que a Consellería de Educación anunciou a realización das demandadas obras de mellora e reforma, informando que o investimento que se ía realizar nas mesmas iba ascender a 1.123.204,75 euros e que as mesmas ían consistir cun novo sistema de caldeiras de biomasa de alta eficiencia, a renovación das cubertas, o illamento da fachada polo exterior, novas fiestras e luminarias de alta eficiencia,

CSM-REXISTROXERAL
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 11:26:55
Nº Rexistro: 55125
Data envío: 05/09/2019 11:26:55.122

colocación de falso teito na planta baixa e pintado das paredes que se atopen en mal estado.

Parece obvio que a entidade das obras tería requirido que as mesmas se tiveran iniciada nada máis ter rematado as clases e ter feito seguimento das mesmas para que foran a un ritmo que garantira que estiveran rematadas para o inicio de curso.

Mais nada máis lonxe da realidade, a escasos días da data do inicio do curso escolar para @s 400 alumn@s do IES Ramón Cabanillas todo indica que vai ser imposíbel que o curso se poida iniciar tanto polo risco que supoñen as obras para a comunidade educativa como a inviabilidade de convivir obras e labor docente: botar abaixo tabiques, picar paredes, retirar e poñer fiestras, materiais retirados, material de obra, cascallos, lixo...

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Está a Xunta de Galiza en condicións de garantir o inicio do curso escolar con normalidade no IES Ramón Cabanillas de Cambados?

Que actuacións vai realizar para que sexa posíbel?

De quen é a responsabilidade de que a escasos días do inicio do curso o IES Ramón Cabanillas estea na situación descrita?

Cal é a explicación de que unhas obras desta magnitude non se planifiquen para iniciarse xusto ao remate do período lectivo para garantir que non interfira na labor docente e non causar ningún prexuízo ao alumnado?

CSV REXISTRO XERAL DE ENTRADAS
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/09/2019 11:26:55

Nº Rexistro: 55125

Data envío: 05/09/2019 11:26:55.122

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 11:21:35

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 11:21:45

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 11:21:52

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 11:21:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 11:22:06

CSX: REXISTROXERALPysWAG
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 11:26:55
Nº Rexistro: 55125
Data envío: 05/09/2019 11:26:55.122

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 11:22:13

CSV, REGISTRO XERAL
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 55960(10/POC-008805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre os datos referidos á execución do convenio de colaboración asinado pola Axencia de Turismo de Galicia coa Catedral de Santiago de Compostela para a edición dun libro compilatorio sobre a Domus Iacobi

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 12:57:28
Nº Rexistro: 55960
Data envío: 18/09/2019 12:57:28.052

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, José Manuel Pérez Seco e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

En xuño de 2018 foi firmado un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a catedral de Santiago polo que a dita Axencia, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, sufragaba con 210.000 euro un libro compilatorio sobre a *Domus Iacobi* que quere realizar a propia catedral.

Segundo as cláusulas do convenio todo o desenvolvemento desta obra, que contará con dou tomos queda totalmente en mans da catedral de Santiago, sen especificar que persoa a dirixe. Tampouco sabemos quen é a equipa de oito historiadores e historiadoras da arte, un teólogo e un investigador museolóxico que participan.

Nestas datas deberían estar finalizados as dúas primeiras fases da elaboración do primeiro tomo, os estudos dos participantes e varios seminarios que se prevían para xaneiro-abril de 2019, e a primeira fase do segundo.

O orzamento total, como dicíamos, é de 210.000 euros que aportará a Axencia de Turismo en tres anualidades, 2018, 2019 e 2020.

Chama a atención que este elevadísimo orzamento non estea desglosado. Non sabemos quen vai a confeccionar a obra nin canto van cobrar os autores, como será a edición, o número de exemplares que se imprimirán nin canto custarán, entre outros moitos elementos, e chama a atención tamén que aportando 210.000 euros, que equivalen aproximadamente a dez anos de axudas da Xunta de Galicia a un grupo de investigación de excelencia en humanidades, a Consellería de Cultura non teña un responsable propio que supervise a calidade científica dunha obra deste prezo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Cal é a situación actual desta edición sobre a catedral de Santiago?
- 2.ª) Que expertos participan nesta obra?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRODODI/SB/BE/6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 12:57:28
Nº Rexistro: 55960
Data envío: 18/09/2019 12:57:28.052

- 3.^a) Participou a Xunta de Galicia na decisión de que expertos deben participar na redacción desta obra?
- 4.^a) Hai algún responsable da Consellería de Cultura e Turismo supervisando a realización desta obra dende os puntos de vista científicos e económicos?
- 5.^a) Cal é o desglose do gasto en partidas do orzamento final?
- 6.^a) Cantos exemplares serán editados?
- 7.^a) Cal será o prezo final de cada un?
- 8.^a) Quen é o director ou directora desta edición?
- 9.^a) Baixo que criterios aceptou a Consellería de Cultura e Turismo sufragar esta obra con unha cantidade de diñeiro tan elevada?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
José Manuel Pérez Seco

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 18/09/2019 12:53:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/09/2019 12:53:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2019 12:53:52



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 57253(10/POC-008982)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa igualdade e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

A coeducación pasou de ser un concepto descritivo do ensino conxunto de homes e mulleres, do acceso a un ensino igual, a unha proposta pedagóxica máis complexa que ten en conta a perspectiva de xénero co obxectivo de transformar a sociedade.

Este enfoque último é o asumido teoricamente polo *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* da Xunta de Galiza.

“Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.”

Sen embargo, determinadas medidas da Xunta contradín este principio.

En primeiro lugar, dende o curso 2017-2018, na orde de concertos educativos desaparece o precepto de que "serán obxecto de atención preferente" os centros "que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas". A





Xunta mantén os concertos con colexios que segregan por sexos e non achega datos específicos de a canto ascende o gasto nestes, sendo a única C.A. que non é transparente nesta cuestión.

En 2016, a organización ultracatólica e homófoba Hazte Oír distribuíu folletos tráfobos e homófobos en centros de ensino galegos, sen que a Xunta actuase de xeito global para evitar a total distribución dos mesmos nos contextos educativos públicos.

O *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* recoñece que “nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas”, téndose detectado actitudes machistas en idades moi temperás, dende os 10 e 11 anos.

A Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia machista dispón, no seu artigo 22.3, que “o Consello Escolar de Galicia, en colaboración co departamento da Xunta de Galiza competente en materia de igualdade, elaborará un informe anual sobre la situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos”, informes que non se teñen realizado.

Por outra parte, o *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* aínda non foi avaliado, a pesares de ser cuantificable a evolución do cumprimento dos seus eixos e medidas, e descoñécense os datos sobre os centros educativos que contan con plans de coeducación.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a:





- A canto ascende o orzamento da Xunta dedicado a concertos con centros educativos que segregan por sexos?
- Que medidas globais vai adoptar a Xunta para evitar difusión de panfletos homófobos e tránsfobos nos centros educativos?
- Ten pensado a Xunta cumprir o artigo 22.3 da Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia machista?
- Que medidas específicas vai adoptar para incluír a educación afectivo-sexual nos centros educativos?
- Cantos centros educativos teñen plans de coeducación?
- Elaboráronse as “orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero”?
- Cantos “materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero” se revisaron?
- Cando e onde se difunde a “táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero”?
- Cantas “publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa” se realizaron?
- Cantas “accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade” se realizaron?
- Trasladáronse aos centros “pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero”?





- Considera suficiente o portal de Igualdade da Consellería de Educación (<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>)?
- Cantas accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos se realizaron?
- Incluíuse a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do persoal funcionario docente? Cantas persoas participaron?
- Cantas accións se impulsaron para fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero e sobre a diversidade afectiva e sexual?
- Identificáronse os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado?
- Cantos foros de debate e discusión se impulsaron co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade e cantos nais, pais e alumnos e alumnas participaron?
- Cantas accións se impulsaron en relación á formación das familias en coeducación e igualdade?
- Que resultados achegaron as medidas 14, 15 e 16 do *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*?
- Cantos materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuizos se identificaron?
- Cantas materias de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e Bacharelato se impulsaron, en que centros e a canto alumnado acadaron?
- Cantos centros imparten o ciclo formativo superior de Promoción de Igualdade de Xénero e canto alumnado o cursou?





- Creouse “un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo”?
- Elaborouse a “guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado”?
- Elaborouse un “protocolo de actuación para abordar casos de conductas contrarias á convivencia por razón de xénero”?
- Cantos centros elaboraron “un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias”?
- Cantos centros solicitaron “configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual”?
- Cantos “talleres e actividades educativas específicas” se realizaron para “promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino” e canto alumnado participou?
- Cantos “talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero” se realizaron e canto alumnado participou?
- Cantas accións se realizaron para “promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade” e canto alumnado participou dende 2016?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:22:08
Nº Rexistro: 57253
Data envío: 09/10/2019 13:22:08.324

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 09/10/2019 13:21:37

CSX: REXISTRO03oWmH8z9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 57398(10/POC-008999)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación a unha empresa do servizo de cátering dos comedores escolares dos IES Julio Prieto Nespereira, de Ourense, e Ferro Couselo, de San Mamede, Maceda, a realización dalgunha avaliación ao respecto e as supostas deficiencias existentes na prestación do servizo

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:52:50
Nº Rexistro: 57398
Data envío: 10/10/2019 17:52:50.790

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Julia Torregosa Sañudo deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**, relativa ao catering dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda).

Dende O Grupo Común da Esquerda entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

O modelo privatizador do Partido Popular con respecto aos comedores escolares, alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional), afecta especialmente aos nenos e nenas que lonxe de recibir unha alimentación saudable padecen os efectos da externalización: exceso de precociñados e fritos de nulo valor nutricional, comida fría, ás veces semiconxelada, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, expresións dalgún alumno do Instituto de Entrimo que din que “os porcos comen

CSM-REXISTRO-RL-718aUBK1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:52:50
Nº Rexistro: 57398
Data envío: 10/10/2019 17:52:50.790

mellor que eles”, son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Os pais e nais dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda), non son un caso illado. Eles detectan unha serie de irregularidades que poñen en dúbida a calidade dos menús escolares. No Ferro Coucelo e o San Mamede, sérvenlles a comida en recipientes de plástico que rompe con facilidade

Aínda que o curso xa comezou cren que non debera renovarse o contrato coa empresa adjudicataria Sala Gradín por entender que vulnera criterios de calidade. Os pais e nais queíxanse de que os nenos e nenas non comen nin se alimentan.

A empresa adjudicataria debe proporcionar aos centros o material necesario para quentar, rexenerar ou refrigerar os pratos se é necesario:

A empresa que concursa, deberá presentar na súa solicitude unha declaración responsable conforme, no caso de ser a adjudicataria, se compromete a poñer a disposición do centro todos os materiais requiridos para o idóneo servizo de quecemento, rexeneración ou refrixeración de menús.

Parece ser que o grande negocio do catering a empresas privadas ten consecuencias que aínda nin podemos medir. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ao noso entender, debera ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende o Grupo Común da Esquerda, defendemos a gratuidade total do ensino



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:52:50
Nº Rexistro: 57398
Data envío: 10/10/2019 17:52:50.790

público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debера centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.

Polo exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas:

1. Que criterios avaliábeis empregaron para a adxudicación do catering á empresa Sala Gradín aos IES Julio Prieto Nespereira, Ferro Couselo e San Mamede?
2. Fíxose algunha avaliación ao catering destes IES? Se a resposta é afirmativa: que conclusións houbo?
3. É consciente a Xunta de Galicia da deficiencia nutricional deste servizo de catering escolar?
4. Conta con algún experto/a nutricional que avalíe e autorice os menús escolares?
5. Como é posible que a empresa Sala Gradín se dirixa aos centros para confirmar que van ser os encargados da xestión do comedor escolar antes de que fose adxudicado este servizo?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:52:50
Nº Rexistro: 57398
Data envío: 10/10/2019 17:52:50.790

6. Con que mecanismo conta a Consellería para detectar os caterings que non cumpren cun menú equilibrado e nutritivo?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Julia Torregrosa Sañudo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 17:49:26

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 17:49:40

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:50:00



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 57944(10/POC-009106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posible autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio das obras previstas no castro de Toiriz, no concello de Silleda, así como a opinión do Goberno galego respecto dos criterios xerais desta intervención e os seguidos para a súa tramitación

Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:47:59
Nº Rexistro: 57944
Data envío: 22/10/2019 10:47:59.302

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á intervención prevista no Castro de Toiriz en Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento asinaron un convenio para a realización de obras en 18 castros de 17 concellos da provincia de Pontevedra. Entre estes xacementos arqueolóxicos nos que se prevén realizar diversos traballos figura o do Castro Toiriz, no concello de Silleda. Trátase dun enclave de grande interese patrimonial e paisaxístico, de titularidade privada, no que se realizou no ano 2010 unha intervención de posta en valor promovida polo Colectivo pola Recuperación dos Castros de Toiriz.

2.Recentemente publicouse no BOE a licitación da intervención do castro de Toiriz (Silleda), xunto cos xacementos de Castro Aobre (Vilagarcía) e Subidá (Marín). Da información coñecida dedúcese que as intervención que se prevé realizar semellan máis obras de urbanización que de musealización.

Segundo a escasa información dispoñíbel sobre a intervención programada no castro de Toiriz, está prevista a construción dun estacionamento que estaría emprazado na zona do foxo xacemento. Por outra parte, inclúense obras de pavimentación de camiños con pavimentos de pedra, grava, pavicésped e mestura de cal, area e cemento

CSM-REXISTRO08.wjwefV44
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/10/2019 10:47:59

Nº Rexistro: 57944

Data envío: 22/10/2019 10:47:59.302

branco; elementos de sinalización (instalación de paneis informativo), balizas de iluminación e instalación de bancos e mesas.

A instalación deste tipo de elementos no castro podería ter un impacto negativo tanto desde o punto de vista do impacto visual como pola afectación a un ámbito protexido.

3.O BNG considera de máximo interese a conservación, protección e divulgación do castro de Toiriz. Mais este tipo de actuacións deben facerse contando coa máxima participación, coa maior transparencia e co máximo respecto ao xacemento. No caso da actuación anunciada e publicitada no BOE, non se cumpre ningún dos requisitos anteriores. E ademais non temos coñecemento de que se conte coa autorización da propiedade dos terreos nos que se asenta o castro.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Autorizou a Dirección Xeral de Patrimonio as obras previstas no Castro Toiriz (Silleda)?

-Comparte a Xunta de Galiza os criterios xerais desta intervención, que aínda que se presentan como obras de musealización semellan máis ben obras de urbanización?

-Considera o goberno galego que esta actuación se está a tramitar con criterios de participación e transparencia?

CSX4 REXISTRO: FROBLWJAEIWM44
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:47:59
Nº Registro: 57944
Data envío: 22/10/2019 10:47:59.302

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza da autorización das persoas propietarias dos terreos?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2019 10:33:03

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2019 10:33:07

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2019 10:33:16

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2019 10:33:22





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:47:59
Nº Registro: 57944
Data envío: 22/10/2019 10:47:59.302

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/10/2019 10:33:36

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2019 10:33:49

CSX: FEXYSTFROBl-wjaejW44
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 58254(10/PNC-004655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a execución pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das actuacións necesarias para corrixir as deficiencias existentes nos edificios do IES Manuel Murguía de Arteixo

Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 12:50:36
Nº Rexistro: 58254
Data envío: 30/10/2019 12:50:36.299

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Luis Manuel Alvarez Martínez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O IES Manuel Murguía de Arteixo é un centro educativo no que hai preto de 900 alumnos matriculados nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Ademais funciona neste centro a sección da Escola Oficial de Idiomas de A Coruña. Presenta, polo tanto, un moi elevado uso das súas instalacións.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario existen graves problemas relacionados por un lado coa antigüidade do edificio e por outro polo uso habitual das instalacións por un elevado número de alumnos ao longo dos cursos.

Así, no edificio novo danse problemas de filtracións de auga pola cuberta que, aínda que se van resolvendo puntualmente, parecen necesitar dunha solución definitiva que pasaría pola substitución da cuberta ou, en todo caso, unha actuación que supera a capacidade económica do centro.

Tamén se teñen dado casos no edificio antigo de fiestras que presentan un elevado desgaste nos carrís sobre os que deslizas as follas, o que ten suposto a caída dalgunha delas co evidente risco de provocar graves danos persoais. Ante esta situación se teñen adoptado medidas provisionais coa finalidade de atallar esta situación; dende contratar a unha empresa para a súa reparación (actuación que resultou un fracaso) ou fixar as estruturas de xeito que as follas que compoñen a fiestra non podan moverse o que, evidentemente, imposibilita a súa funcionalidade.

Resulta evidente que se debe proceder á substitución das fiestras, en primeiro lugar por seguridade, en segundo por funcionalidade e, por último, por eficiencia térmica.

CSM-REXISTROVUGIHMNIZI
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 12:50:36
Nº Registro: 58254
Data envío: 30/10/2019 12:50:36.299

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a levar a cabo, antes de que remate o actual curso, as actuacións necesarias nos edificios do IES Manuel Murguía de Arteixo coa finalidade de garantir a correcta funcionalidade dos edificios que o compoñen.

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/10/2019 12:46:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/10/2019 12:46:49

María de la Concepción Burgo López na data 30/10/2019 12:46:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/10/2019 12:47:09



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 57728(10/PNC-004599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia das festas parroquiais galegas como patrimonio inmaterial de Galicia, na categoría de ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Carlos Gómez Salgado, Maribel Novo Fariña, Teresa Egerique Mosquera, Antonio Mouriño Villar e María Antón Vilasánchez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Exposición de motivos:

As festas parroquiais constitúen unha tradición cultural viva e arraigada ao longo do tempo, que contribúe decisivamente a conformar a identidade e a cohesión social dos veciños e veciñas de Galicia.

Son un elemento cunha importante relevancia para o conxunto de Galicia. As festas, as reunións familiares arredor do día do patrón, forman parte da nosa cultura e xeran riqueza nos nosos pobos, aldeas e parroquias. En Galicia prodúcese un fenómeno particular e único, con fins de semana con máis de 200 festas.

Así, as orquestras e as verbenas son dous factores claves sen os que non poderíamos entender este tipo de festexos tal e como son. Trátase dun sector que xera miles de postos de traballo directos en Galicia.

Neste senso, a Asociación Galega de Orquestras leva a cabo un traballo encomiable de promoción e divulgación da festa popular galega co obxectivo de que sexa declarada Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia. Entre as actuacións que está a desenvolver esta asociación cabe destacar a recollida de sinaturas para apoiar a proposta de solicitar á Xunta de Galicia que as festas parroquiais galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Inmaterial de Galicia ou o “Tributo á Verbena” que se desenvolveu en Mondoñedo entre os días 5 e 7 de abril de 2019, unha homenaxe ás festas para poñer en valor a cantidade de xente que poden convocar e reivindicar a festa.

Desde o Grupo Parlamentario Popular queremos mostrar o noso apoio a esta reivindicación e consideramos axeitado que, tendo en conta a importancia que teñen as festas parroquiais en cada un dos concellos da nosa comunidade, a Xunta de Galicia recoñeza ás festas parroquias galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57728
Data envío: 16/10/2019 18:14:36.524**

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que recoñeza ás festas parroquiais galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia na súa categoría de Ben de Interese Cultural.”

Santiago de Compostela 16 de outubro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2019 18:11:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/10/2019 18:11:42

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/10/2019 18:12:00

Raquel Arias Rodríguez na data 16/10/2019 18:12:19

Daniel Vega Pérez na data 16/10/2019 18:12:37

María Isabel Novo Fariña na data 16/10/2019 18:12:49

Carlos Gómez Salgado na data 16/10/2019 18:13:03

Teresa Egerique Mosquera na data 16/10/2019 18:13:15

Antonio Mouriño Villar na data 16/10/2019 18:13:26

María Antón Vilasánchez na data 16/10/2019 18:13:38



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com